

Estrella Pintos Iglesias "A FERREIRA"

(PONTEVEDRA 1912-1990)

"Mamá contar contou pouquiño porque o pasou mal. El era o seu primeiro amor, e o primeiro amor nunca se esquece"

Milagros Viegas Pintos, filla de Estrella

O primeiro amor de Estrella Pintos Iglesias chamábase Manuel Méndez Acuña¹ e foi asasinado polos cívicos tras o golpe de Estado de xullo de 1936. Cando o foron buscar, Estrella estaba embarazada por terceira vez pero da malleira que lle deron, perdeu o bebé. Vivían na Ruibal, na casa da nai de Manuel e foi ela quen abriu a porta cando chegaron os cívicos. Emilio, o seu outro fillo, estaba agochado no monte cuns compañeiros. Pregálalle ao irmán que quedara con eles pero Manuel quería estar preto de Estrella e das nenas e volveu ao fogar. Penderóno axiña:

¹ Manuel Méndez Acuña era fillo dunha curmá de Manuel Méndez Montes, asasinado na queima da casa da Torre, na que algunha veciñanza pensaba, equivocadamente, que tamén morrera el.



“El tiña amigos agochados polo monte e de noite íaos afeitar. E alguén, hai quen di que ata da propia familia², delatouno. Entón foron de noite á casa, cívicos con botas e cans. Estaban deitados. O pai foi á cama das nenas, darlles un bico e despedirse delas. Leváronos aos dous. A miña nai contoume que os cívicos chegaran de noite, chamaran á porta, a sogra abríralles e cando os levaron quedara coas dúas nenas chorando...”.

Milagros Viegas Pintos, filla de Estrella

No cuartel dos cívicos empezaron as malleiras:

“Levaron a miña nai, levárono a el a un camión, puxéronos nun cuarto: a miña nai nun lado e el noutro, véndoa, para que el sufrira porque seica a adoraba. El vía como mallaban nela e ela vía como lle pegaban a el, que ata lle meteron un ferro polos ollos. Fixéronlle mil *salvaxadas* e logo matárono. A miña nai salvouse. Atendeuna un médico e salvouna pero da malleira perdeu o bebé”.

Milagros Viegas Pintos, filla de Estrella

Manuel Méndez Acuña, que así se chamaba o home de Estrella, foi torturado con saña, segundo algunhas fontes, para que delatara o paradiro da partida. Nela, entre outros fuxidos como Pastor Torres, estaban Emilio Méndez Montes (el e Manuel eran fillos de curmáns) e o irmán de Manuel, Emilio Peón Méndez. Os seus apelidos non coincidían porque eran fillos de solteira e o pai recoñecera o primo-xénito, Emilio, pero non o pequeno, que levaba os dous apelidos da nai. Se a delación era o obxectivo dos fascistas, non o conseguiron, pois a partida xamais foi descuberta, mais intentárono con saña e Manuel foi torturado e mesmo paseado por Salcedo cunha coroa de espiñas antes de ser asasinado, segundo declaracións do seu propio irmán, en Berducido. O seu corpo nunca foi recuperado: “Matárono a paus os Cívicos de Víctor Lis, porque el tivo a valentía de non descubrir ninguén e isto custoulle a vida”, declarou Emilio a Marco.

Tras o asasinato, Estrella deixou a casa da súa sogra e sacou adiante as dúas fillas. Concha apenas tiña cinco anos e a pequena, Gloria, tres:

“Despois de que mataran a Manuel, a miña nai ía ao dispensario coas nenas e Concha parecía unha boneca, co pelo negro, as pestanas longas, os ollos azuis... e o doutor dícialle á muller se tiña vestidos das súas fillas e dáballe roupa para as miñas irmás”.

Milagros Viegas Pintos, filla de Estrella

Para saír adiante sen el, Estrella puxo en práctica o aprendido no tempo que pasara de criada nunha casa acomodada de Vigo e traballou a reo, limpando, cociñando, servindo. Tivo a axuda da súa irmá Mercedes, que levou a pequena

2

Emilio, o irmán de Manuel, di nunha entrevista concedida a Aurora Marco e recollida no libro *A Galiza de Bóveda* que foi o seu propio tío, que era falanxista, quen o delatou. E que Manuel se atrevera a volver á casa porque uns coñecidos seus lle dixeran que non lle ía pasar nada; que apenas pasaría uns días no cárcere”.



Gloria vivir a Raxo. Ata que pasados máis de dez anos, xa no final da década dos corenta, coñeceu o que sería o seu segundo marido, Antonio Viegas:

“O meu pai era mutilado de guerra. Coñeceu a un día que ela saía do hospital. Estivera enferma e o día que lle deron a alta caelle algo na beirarrúa. El agachouse a collelo, empezaron a falar, invitouna a un café e así se coñeceron. Casaron en 1950, levarían un ano de mozos, máis ou menos”.

Milagros Viegas Pintos, filla de Estrella

Con Antonio tivo outras dúas fillas, Milagros e Isabel. Aínda que loitara no bando nacional, coñecidos seus aseguran que compartía as ideas antifascistas da súa muller e que mesmo adoitaban cantar a Internacional cada 14 de abril, en homenaxe á República que tamén fora asasinada. De todos xeitos pouco tempo tiveron para compartir ideas ou vidas, porque Estrella volveu quedar viúva en 1963. Antonio morreu dun infarto e ela seguiu ocupando o posto que a el lle ofreceran tras ser ferido no campo de batalla: o de conserxe do pavillón de Campolongo.

As poucas lembranzas que compartiu coa súa filla Milagros dos tempos da guerra tamén apuntan ao seu intento de axudar o bando contra o que loitaba:

“Na guerra, o meu pai estaba en Infantería e andaba coa mula e pasouno mal, claro, porque ás veces a mula non lle andaba, quedaba parada no medio dun bombardeo. Ademais contoume que facía de mensaxeiro e un día case o collen e tivo que tragar un papel”.

Milagros Viegas Pintos, filla de Estrella

Mais de política non falaba coas fillas.

Ademais de ser conserxe, Antonio Viegas daba escola no Campo da Porta, en Salcedo, a nenos e nenas, que tamén vacinaba, e a adultos, que ían pola noite aprender a escribir. Cando morreu, déronlle ás súas dúas fillas a oportunidade de ir internas a un colexio relixioso a Madrid, para orfas de mutilados de guerra, pero nin Milagros nin Isabel se quixeron afastar da súa nai:

“Ela díxonos que o pensamos ben, pero non quixemos ir e non nos mandou. Ela non era nada relixiosa e ás monxas non as podía ver”.

Milagros Viegas Pintos, filla de Estrella

Alegre, faladora, guapa, cos ollos de cor azul “como Manuel”. Así define Milagros a súa nai, alcumada “A Ferreira” por ser a fabricación de ferraduras para cabalos a ocupación do seu pai ata que, para sacar a fame dos sete fillos, marchara emigrado a Arxentina:



“Foron a Vigo a muller e a filla, a despedirse co pano, chorando... O primeiro ano moi ben. O segundo, esqueceuse deles. Coñeceu alá outra muller e deixou de mandar cartos aínda que levou para alá dous fillos: Eduardo e Aurita. Tamén quería levar a miña nai pero ela non quixo ir”.

Milagros Viegas Pintos, filla de Estrella

A nova parella acabaría volvendo a España, para ruína de Dorinda:

“A avoa era orfa, morréralle a nai no parto e tiña capital. Tiña un *albacea* e quedoulle unha casa. Ela non sabía escribir. O home vendeulle a casa por detrás e ela ata se meteu dentro cun coitelo para intentar evitar o desaloxo. Pero non lle valeu de nada. Perdeu a súa casa e saíu adiante con axuda das veciñas. Estivo indo ao xornal”.

Milagros Viegas Pintos, filla de Estrella

A pesar da súa boa relación coa sogra, que mesmo lle dera como agasallo un colar de ouro que acabou perdendo nunha leira, Estrella acabou desvinculándose da familia de Manuel. Dalgún xeito, o seu cuñado, Emilio Peón Méndez, culpábaa inxustamente do que lle pasara ao irmán, pois fora por estar con ela que abandonara a patrulla de fuxidos. Milagros lembra unha soa invitación ás súas dúas sobriñas para visitalo na casa que tiña na estrada de Vigo e, de feito, a pesar de que morreu sen descendencia, non lle deixou herdanza algunha ás únicas parentes que compartían o seu sangue e optou pola familia da súa muller, Elvira Rodríguez Barco. Elvira tiña unha irmá, Teresa, e a filla desta, Leonor, era a encargada de levarlle o almorzo ao seu tío cando xa nos anos 40 volve ser detido polo seu traballo no PC clandestino:

“Ía desde Bértola ata a Parda pola vía do tren. Conta Emilio que xa a vían vir polo fachinelo. Ía cada dous ou tres días cunha caldeireta de leite. Na casa tamén tiñan que comer e non daba para máis”.

Gelo Piñeiro, fillo da sobriña de Emilio Peón

Cando foi do golpe, Leo, que así lle chamaban cariñosamente na familia á sobriña, apenas tiña dous anos, pero axiña empezou a prestarlle, mesmo sen querer, axuda a Emilio, daquela mozo da súa tía:

“Cando a miña nai tería catro ou cinco anos, rodearon a casa, buscando por Emilio. Dician ‘ten que estar aquí’ e colleron a miña nai, que estaba agarrada ás saias dunha tía dela, e déronlle caramelos para ver se cantaba onde estaba Emilio. Preguntábanlle: ‘Veu Emilio por aquí?’ Pero ela non lle falaba. Decía que non era por agochalo a el, senón polo medo que lles tiña aos cívicos”.

Gelo Piñeiro, fillo da sobriña de Emilio Peón



Emilio estivo agochado ata que, finalizada a guerra, se entregou cando o gobernador Gómez Cantos fixo aquel chamamento aos homes que non tiveran as mans manchadas de sangue. Na entrevista que lle deu a Aurora Marco, e que esta recolle en *A Galiza de Bóveda* conta que o primeiro ano andou, na compañía doutro fuxido, Pastor Torres, polos montes de Castiñeiras: “Durmiamos nos sitios máis raros, por exemplo, enriba dun carballo moi tupido. Estaba prohibido roncar”. E logo refuxiáronse na casa da nai de Pastor, Teresa Paz, e alí estiveron enterrados nun tobo escavado no chan da adega, sen espazo suficiente para permanecer de pé, aproximadamente dous anos. A experiencia pasada non lle impediu seguir coa loita e en 1948 é detido polo seu traballo clandestino dentro do PC e condenado a seis anos, que quedaron en tres tras redimir a pena por traballo na prisión de Dueso. Volverían apresalo unha vez máis a comezos da década dos 50. Estaban no cárcere de Lalín pero cada mañá, sempre segundo o seu testemuño a Aurora Marco, levábano xunto a outros compañeiros ao cuartel da Garda Civil de Pontevedra. Tíñanos alí encerrados e, de noite, volta a Lalín. Pero ao chegar ao Alto de Candán paraban e baixábanos esposados de dous en dous, empezando o terror psicolóxico como logo lle contaría tamén ao seu sobriño:

“Cando volvían a Lalín montaban os cémex e algúns xa empezaban a chorar pensando que os mataban. Así un día e outro. E logo no cárcere dábanlle malleiras increíbles, púñanlle pranchas nos pés, facíanlle de todo... Contaba Emilio que para comer apagaban a luz porque había bichos e de todo, pero tiñan que comer para saír daquela inxustiza. El non quería darlles o gusto de velo sufrir. De feito, o día que saíu de Santoña díxolle ao xefe da prisión: ‘Pois facédesme unha putada, porque estaba rematando un curso de electrónica’. Emilio era así...”.

Gelo Piñeiro, fillo da sobriña de Emilio Peón

Non houbo vínculo algún entre Emilio e Estrella, pero a muller de Manuel gardou sempre a lembranza dos bos tempos vividos con el e a nai. O recordo sempre permaneceu nela e a súa filla conta como cada vez que ían a Salcedo e pasaban por aquela casa que tiña un castiñeiro na porta, Estrella comentaba: “Aquí vivía a miña sogra, aquí vivín eu”. E pouco máis daqueles tempos, só unha frase que lle repetía unha e outra vez ás fillas, como unha súplica: “Que nunca pasedes o que pasei eu na guerra”.